

AUDITORIO
DE GALICIA
[RFG]
1996
[2016]

TEMPORADA
2015 / 2016

02 xuño

Xoves
21:00 h

2016

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

PAUL DANIEL, Director

ESTHER VIÚDEZ, Corno inglés

CRISTINA PATO, Gaita

CONCERTO FIN DE TEMPORADA

ONVers@ndo con...

**PAUL DANIEL, ESTHER VIÚDEZ
e CRISTINA PATO**

Sala Mozart · 20:15 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecer ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Christoph König o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

I

JAMES MACMILLAN (1959)

The World's Ransoming*

Esther Viúdez, corno inglés

*estrea en España

OCTAVIO VÁZQUEZ (1972)

Viúvas de vivos e mortos*

Muller
Moderato
Elas

Cristina Pato, gaita

*estrea absoluta (encargo para The Gaita and Orchestra Commissioning Project, un proxecto de Cristina Pato para Gaita e Orquestra realizado co apoio dunha bolsa da organización norteamericana New Music USA)

II

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Sinfonía núm. 4 en fa menor, op. 36

Andante sostenuto – Moderato con anima

Andantino in modo di canzona

Scherzo: Pizzicato ostinato – Allegro

Finale: Allegro con fuoco

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 40 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



www.rfgalicia.org

VIOLÍNS I

James Dahlgren,

concertino

Adriana Winkler,

axuda de concertino

Anca Smeu**

Ilya Fisher

Michal Ryczel

César Sánchez***

Victoria Jurov

Jorge Galán***

Yulia Petrushevskaya

Carla Fontán***

Anna Alexandrova

Daniel Kordubaylo

Ildikó Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora*

Nikolay Velikov**

Samira Ajkic

Elina Viksne

Helena Sengelow

Carmen Pavón***

Gyula Vadaszi

Aida López***

Kiyoko Ohashi

Macarena Herrero***

Irina Gruia

Enrique Roca

VIOLAS

Tilmann Kircher*

Natalia Madison**

Iriana Fernández

Anne Schlossmacher

Timur Sadykov

Sergio Montero***

Nehir Akansu***

Ionela Ciobotaru

Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev*

Barbara Switalska**

Thomas Piel

Miguel Blanco***

Millán Abeledo

Juan Antonio Carrillo***

Ailsa Lewin

Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez*

Alfonso Morán**

Oriol Xicart

Raquel Miguélez***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau*

Luis Soto**

Laia Albinyana***

ÓBOES

Avelino Ferreira (R)

Ana Salgado (R)

Carolina Rodríguez***

CLARINETES

Beatriz López*

Vicente López**

Emilio Alonso (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero*

Manuel Veiga**

Javier Sánchez***

TROMPAS

Jordi Ortega*

Alfredo Varela*

Xavier Ramón**

Ismael Vidal***

Adrián García (R)

TROMPETAS

Javier Simó*

Ramón Llátser**

Diego Aragón***

TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)

Juan Luis Novo (R)

Brais Molina (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus*

PERCUSIÓN

Francisco José Sánchez***

Pablo Salgueiro (R)

Diego Ventoso (R)

PAUL DANIEL, Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e das óperas Factory e North. Foi director invitado das máis destacadas orquestras do mundo e, mentres estivo á fronte da English Northern Philharmonia, levou á orquestra a participar en moitos festivais. A súa gravación da *Sinfonía núm. 3* de Elgar/Payne, coa Bournemouth Symphony Orchestra, foi un dos discos de música clásica máis vendidos no ano 2000. É destacable a súa dirección de *L'Upupa* de Henze e *O caso Makropulos* de Janáček no Teatro Real en Madrid, así como unha nova produción de Billy Budd para a Ópera de Frankfurt, *La Clemenza di Tito* para o Festival de Aix-en-Provence, a ópera *O rei Roger* no Teatro Real de Madrid e *Morte en Venecia* para os festivais de Aldeburgh e Bregenz. Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera e un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *La bohème*, *Simon Boccanegra*, *The Turn of the Screw*, *Tristán e Isolda* e *Os troianos* coa Ópera de Berlín; *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt; *Hansel e Gretel* no Teatro Real de Madrid e *Peleas e Melisande* no Teatro Bolshoi. Dos premios que ten recibido destaca un Olivier pola súa aportación á ópera e un Gramophone pola súa serie sobre música inglesa gravada co selo Naxos. Nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

ESTHER VIÚDEZ, Corno inglés

Naceu en Bilbao. Estudou cos profesores Juan Tarín, Michael Winfield, John Anderson e Stefan Schilli. No ano 1991 obtivo o Título Profesional de Óboe (Premio de Honra) e tres anos máis tarde o Título Superior no Conservatorio "Juan Crisóstomo Arriaga" de Bilbao. Posteriormente estudou catro anos no Royal College of Music de Londres, obtendo o Diploma BMus e o Diploma Teacher RCM. Ao finalizar os seus estudos en Londres participou nun curso orquestral de tres meses de duración na Toho Gakuen Orchestra Academy (Xapón). En 1999 formou parte da Orquestra da Academia Europea de Música do Festival Internacional de Arte Lírico de Aix-en-Provence. Asistiu a numerosos cursos de perfeccionamento con profesores como E. Abbuhl, E. Marsden, E. Martínez, F. Leleux, C. Wetzel, S. Schilli, D. Jonas, T. Indermühler... Así mesmo, ten formado parte de diversas agrupacións de música de cámara, entre as que destaca o Ensemble Couperin. Colaborou con varias orquestras españolas como a Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Ciudad de Granada e as Orquestras Sinfónicas de Madrid, Euskadi, Bilbao e Principado de Asturias. Ademais, foi óboe co-principal da Sinfónica de Navarra. Foi profesora na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, impartindo clases de música de cámara e óboe. Na actualidade é óboe co-principal da Real Filharmonía de Galicia, posto que ocupa dende marzo de 2000.

CRISTINA PATO, Gaita

Naceu en Ourense en 1980. Aclamada polo New York Times como '*unha virtuosa explosión de enerxía*' e por The Wall Street Journal como '*un dos mestres vivos da gaita*', a gaiteira galega, pianista e compositora Cristina Pato goza dunha activa carreira profesional dedicada á música popular galega, música clásica e jazz. A súa carreira dual tena levado aos principais escenarios de toda Europa, Estados Unidos, India, África e China. Foi a primeira muller gaiteira en publicar un álbum en solitario (1999) e dende entón ten colaborado nos escenarios mundiais con Yo-Yo Ma, Arturo O'Farril e a Afro Latin Jazz Orchestra, Orquestra Sinfónica de Chicago, Osvaldo Golijov, Filharmónica de Nova York e Paquito D'Rivera.

En 2005 trasladouse a Nova York para doutorarse e lanzar a súa carreira nunha dirección completamente diferente. Combina o seu amor pola gaita cunha extraordinaria mestura de jazz e sons latinos. É membro do Silk Road Ensemble de Yo-Yo Ma e un membro fundador do seu Leadership Council, colaborando estreitamente nas xiras e na planificación de residencias, entre elas a asociación multianual entre o Silk Road Project e a Universidade de Harvard.

A súa carreira profesional, que comezou aos 12 anos, inclúe seis discos no mercado como gaiteira solista e dous como pianista. Ademais, ten colaborado en máis dunha trintena de gravacións doutros artistas, entre as que se atopan '*Yo-Yo Ma and Friends. Songs of Joy and Peace*', Grammy Award 2009; '*Miles Español: New Sketches of Spain*'; e '*Off the Map*' do Silk Road Ensemble nominado para os Grammy 2010. Ten dado máis de 600 concertos coa súa propia banda, moitos deles gravados e emitidos por medios de comunicación coma a RAI, BBC, TVG, CNN ou RTVE.

Posúe un Doutorado en Musical Arts in Collaborative Piano pola Rutgers University, onde foi premiada co Irene Alm Memorial Prize á excelencia como investigadora e intérprete. Apaixonada conferenciante e educadora, foi nomeada Mellon Visiting Artist in Residence para a temporada 2014-2015 no College of Holy Cross, e ten actuado como relatora e conferenciante na Universidade de Harvard, UCSB, SphinxCon, Universidade de Princeton e outras institucións. Tamén é colaboradora habitual do Festival Internacional de Danza de Vail, o Arts Program do Aspen Institute e as actividades educativas do *Turnaround Arts*, un programa do Comité Presidencial sobre Artes e Humanidades.

En 2014 o seu pioneiro proxecto *Gaita and Orchestra Commissioning Project* acadou unha bolsa da organización norteamericana New Music USA para construír un repertorio para gaita e orquestra sinfónica. Alentou unha rolda de encargos para crear música que combinase as súas dúas paixóns: a *world music* e a música clásica, e o seu virtuosismo en ámbolos dous campos. Dous deses encargos, o de Emilio Solla e o de Octavio Vazquez, estreáronse en 2015 coa Sphinx Orchestra en Detroit, a Chicago Sinfonietta en Chicago e a Orquestra Sinfónica del Vallès en Barcelona.

James MacMillan (1959)

The world's Ransoming

As obras do escocés James MacMillan están inspiradas nas súas crenzas católicas. As súas composicións son enxeñosas e accesibles. *The World's Ransoming*, escrita entre 1995 e 1996, é proba diso. Trátase da primeira parte do tríptico *Triduum*, encargado pola London Symphony Orchestra nos anos noventa xunto ao *Concerto para violoncello* para Rostropovich e a *Sinfonía Vigil*. As tres pezas exploran aspectos dos acontecementos de Semana Santa e Pascua. Esta peza toma o Xoves Santo como tema e o título proven do himno *Pange Lingua* de Santo Tomás de Aquino que narra como o sangue derramado de Cristo libera ao mundo. MacMillan usa a compostura para crear unha atmosfera sombría dominada polo corno inglés. Despois dunha vibrante introdución con timbais, metais e liñas das cordas mantidas nun ton alto, o corno inglés asume o protagonismo absoluto durante toda a obra, sen apenas descanso. Os temas derivan do 'canto chan' e do coral *Ach wie wichtig* de Bach proporcionando un ambiente místico e eclesiástico axudado polo suave tintineo das campás. Un delicado borboriñar das cordas, ocasionais disonancias doutros ventos-madeira, e unha acumulación de tensión levan a un violento e breve climax. Unha enorme fanfarria a cargo de campás, percusión e metais van mingando ata permitir que o corno inglés volva dominar a partitura. Un son xordo da percusión de madeira e as cordas graves rematan a obra rodeándoa dunha misteriosa luz.

Octavio Vázquez (1972)

Widows of the Living and of the Dead (Viúvas de Vivos e Mortos)

Concerto para Gaita e Orquestra

'Fomentada por unha longa tradición de homes gaiteiros, foi unha muller, Cristina Pato, quen trouxo quizabades maior atención internacional á gaita galega. Gañadora dun Grammy polo álbum 'Yo-Yo Ma and Friends: Songs of Joy and Peace', Cristina é membro do Silk Road Ensemble, ten pezas escritas para ela por compositores como Olvaldo Golijov e Emilio Solla, e levou a gaita aos territorios até entón inexplorados do jazz e da bossa brasileira. Levo colaborando con ela máis dunha década en diferentes proxectos, e por conseguinte estou moi familiarizado co seu estilo, especiais habelencias técnicas, e todos os aspectos relativos ao propio instrumento. Foi Cristina quen me encomendou esta obra, como parte do seu 'Gaita and Orchestra Commissioning Project', con axuda do New Music USA. O concerto ten tres movementos, cunha duración total aproximada de dezaioito minutos, e require o emprego de dúas gaitas, en Do e en Sol. Fondamente enraizado na rica tradición musical galega, explora tamén as moitas posibilidades expresivas, cromáticas, e de afinación alternativa da gaita. En febreiro do 2015, Cristina Pato e a Sphinx Symphony Orchestra dirixida por Andrew Grams ofreceron a pre-estrea do terceiro movemento en Detroit, nun concerto de grande éxito que foi retransmitido pola PBS, a televisión pública americana. Hoxe a Real Filharmonía dirixida polo mestre Paul Daniel presenta a estrea absoluta da obra completa.

Unha celebración das mulleres galegas ao longo da historia

Os papeis tradicionais das mulleres na sociedade galega, a miúdo como resultado de

circunstancias históricas adversas, non foron secundarios aos dos homes. A historia galega está repleta de exemplos de mulleres líderes, mesmo cando se trata da política e da guerra, en todos os períodos da historia rexistrada. Máis recentemente, as mulleres asumiron moitas veces fornecer para familias enteiras nun ambiente pre-industrial: da xestión de facendas á construción de estradas de cascallo con picarañas. Foron estas as "viúvas de vivos e mortos", resultantes da emigración en masa sufrida durante gran parte dos séculos dezanove e vinte. Este concerto celebra o seu espírito inquebrantábel e finalmente triunfante'. ©Octavio Vazquez, 2016

Pyotr Ilych Chaikovsky (1840-1893)

Sinfonía núm. 4 en fa menor

A sinfonía foi para Chaikovsky o seu particular medio de expresión, unha forma de transmitir as súas emocións. Así, a *Sinfonía núm. 4* aparece no seu catálogo como froito da época máis turbulenta e adversa da súa vida persoal pero unha das máis produtivas e interesantes do seu traballo debido á aparición na súa vida da súa problemática esposa, a fráxil Antonina Miliukov, e de Nadezhda von Meck, unha rica e melómana viúva que sería a súa mecenas, permitíndolle dedicarse por completo a compor, e con quen estableceu unha fonda pero estraña relación de amizade por correspondencia desde que a finais de 1876 von Meck lle encargara unha obra. Para agradecerllo, dedicoulle o seu seguinte gran traballo, a *Cuarto sinfonía*. Ademais, Chaikovsky casou con Antonina en 1877, inmediatamente despois de escribir os apuntes para os tres primeiros movementos desta sinfonía e a calma aparente que o compositor buscaba nun matrimonio que silenciara os murmurios sobre a súa homosexualidade levouno tres meses despois a un intento de suicidio que finalizou a convivencia coa súa muller. Finalmente, o compositor viaxou por diversas cidades europeas e rematou e orquestrou esta *Sinfonía núm. 4*, rematada a finais de decembro de 1877, que inclúe no seu concepto diversas influencias musicais como a pegada que lle deixou presenciar unha representación de *Carmen* de Bizet, atrevéndose a aplicar na creación desta sinfonía como o sentido do destino e da desesperación emocional poden ser expresados en música sen perder no proceso a súa elegancia e encanto. Sentido do destino que o relaciona coa *Sinfonía núm. 5* de Beethoven por representalo ambas e polo similar comezo no que os metais abren o primeiro movemento e que vai asociado a esa 'chamada do destino' que todo home debe afrontar. O segundo movemento é para o compositor '*outra fase da tristeza*' e a iso contribúe a nostálgica melodía en mans do óboe acompañado polo *pizzicato* das cordas. O terceiro, pola súa parte, '*non ten un sentimento determinado*', é un scherzo dominado polas cordas, de novo en *pizzicato*, despregando caprichosos arabescos, figuras vagas, quizais rememorando o son da *balalaika* e posiblemente inspirado pola música do ballet *Sylvia* de Delibes que o autor ruso coñeceu no seu periplo europeo. A través do uso dunha canción popular, o apoteótico *Finale* é a encarnación da felicidade da persoa que acepta o seu inevitable destino.

PRÓXIMOS CONCERTOS

04
XUÑO

DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI, A TÚA!

Sábado, 12:30 h

Obra de O. Vázquez

PARQUE E. GRANELL (en caso de choiva, no Auditorio de Galicia)

Mércores, 15 de xuño, 21:00 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

RICARDO CASERO Director

SANTIAGO AUERÓN Voz

JOAN VINYALS Guitarra

“Vagamundo”

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

Tel. 981 57 10 26 / 981 57 39 79

OFICINAS

Tel. 981 55 22 90 / 981 57 41 52

info@auditoriodegalicia.org

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.org



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia
@CCultura



GOBIERNO
DE ESPAÑA



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



AUDITORIO DE GALICIA
Baixo o mecenado de TELEVÉS